

## SOLUCIÓNS ANÁLISIS ECONÓMICO-FINANCIERO EXERCICIOS BOLETÍN BALANCES

1.

c) Non se pode calcular a rendibilidade económica xa que non se nos proporciona o dato do BAI.

Sí se podería calcular a rendibilidade financeira :

$$RF = \text{BENEFICIO NETO} / \text{FONDOS PROPIOS} = 100.000 / 2.100.000 = 4,76\%$$

3.

$$\text{Ratio T} = (\text{efectivo} + \text{deudores}) / \text{esixible a curto prazo} = (5.500 + 2.500) / 8.000 = 1$$

Trátase dun valor normal, polo tanto a empresa non presenta dificultades para facer fronte as súas débedas a curto prazo. Non presenta risco de concurso de acreedores.

$$\text{Ratio de L} = (\text{efectivo} + \text{deudores} + \text{existencias}) / \text{pasivo corrente} = (15.000 + 2.500 + 5.500) / 18.000 = 2,88$$

Como este resultado atópase entre os valores 1,5 e 3, esta empresa non ten problemas de liquidez para facer fronte as súas débedas a curto prazo. Non presenta risco de concurso de acreedores.

$$\text{Ratio de G} = \text{activo} / \text{esixible total} = 144.500 / 18.000 = 8,03$$

Como o anterior resultado é maior que 1, quedan garantida a devolución do exixible e polo tanto non hai risco de quebra. Esta empresa estase financiando basicamente con fondos propios.

4.

$$\text{Ratio de L (2006)} = \text{activo corrente} / \text{esixible a curto prazo} = 145.000 / 67.000 = 2,16$$

$$\text{Ratio de L (2007)} = \text{activo corrente} / \text{esixible a curto prazo} = 179.000 / 71.000 = 2,52$$

Ambos ratios de liquidez atópanse entres os valores 1,5 e 3, polo que a empresa non ten problemas para facer fronte as súas débedas a curto prazo. Non presenta risco de concurso de acreedores. A súa situación de liquidez mellorou.

$$\text{R de endebedamento (2006)} = \text{esixible total} / \text{fondos propios} = 127.000 / 212.000 = 0,599$$

Esta empresa non se atopa en risco de quebra.

$$\text{R de endebedamento (2007)} = \text{esixible total} / \text{fondos propios} = 141.000 / 192.000 = 0,73$$

O endebedamento da empresa aumentou, aínda así estasegue presentando unha boa estabilidade financeira e non corre risco de quebra.

7.

Ratio de L=activo corrente/pasivo corrente= $45.000/40.000=1.12$

O ratio de liquidez non se atopa entre os valores 1,5 e 3, a empresa presenta falta de liquidez, polo tanto concluímos decindo que esta empresa vaise atopar con problemas para facer fronte ás débedas a curto prazo e polo tanto corre risco de entrar en concurso de acreedores.

Ratio de G= Activo/ Esixible total= $185.000/140.000=1.32$

O ratio de garantía non revela problemas( $>1$ ), xa que o activo é superior á suma do exixible a curto e longo prazo, os seus compromisos de pago están garantidos. Concluimos decindo que se lle aconsella a empresa cambiar débeda a CP por débeda a LP ou patrimonio neto para mellorar a súa situación de liquidez e evitar o concurso de acreedores, aínda que o ratio de garantía asegura que non hai risco de quebra a empresa presenta un endebedamento excesivo.

8.

Ratio de L= (efectivo+deudores)/pasivo corrente= $(25.000+250.000+137.000)/880.000=0,47$

Ratio de G=activo/esixible total= $4.887.000/2.880.000=1.69$

En canto o ratio de liquidez, é inferior a 1, polo tanto a empresa ten problemas de liquidez e corre risco de entrar en concurso de acreedores

O ratio de garantía é maior que 1, os compromisos de pago están garantidos, e non presenta risco de quebra.

9.

Ratio de L=activo corrente/pasivo corrente= $179.000/71.000=2,52$

Partindo do resultado anterior, afirmamos que ó tratarse dun valor concentrado entre 1,5 e 3, esta empresa non ten problema para facer fronte as súas débedas a curto prazo, ten liquidez suficiente, non corre risco de concurso de acreedores

RE=pasivo/patrimonio neto+pasivo= $141.000+333.000=0,42$

En canto ao endebedamento , valor menor que 0,5, quere dicir que esta empresa non presenta risco de quebra pero sí un exceso de capital propio na súa financiación.